

INFORMACIÓN DE SERVICIOS E PROGRAMAS PARA MULLERES

PROGRAMA DE FOMENTO E INSERCIÓN LABORAL DAS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

O Programa de fomento de emprego ten como obxectivo a inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero que estean desempregadas, a través da súa participación nas diversas medidas activas de emprego implementadas ou que poida implementar a Consellería de Traballo e Benestar.

As mulleres que se incorporen ao Programa desfrutarán de:

- a) Preferencia no acceso aos Programas:
 - i. **De mellora da empregabilidade**, en concreto, aos servizos de orientación profesional e aos cursos de formación ocupacional.
 - ii. **Aos mixtos de formación-emprego**, a través da súa participación en escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego.
 - iii. **Aos de cooperación ou experiencias**, a través dun contrato temporal de 12 meses de duración.
- b) Incentivos adicionais:
 - i. Para a súa **contratación por conta allea**.
 - ii. Nas distintas formulas de **autoemprego**.

Cita Previa (por teléfono)

Pode solicitar a cita previa (deste modo o asesoramento pode facerse máis tranquilo e pormenorizado) a través do teléfono **982 416 350**, de luns a venres de **08:00 a 15:00 horas**.

Atención (presencial)

Previa cita se é posible (deste modo o asesoramento pode facerse máis tranquilo e pormenorizado), aínda que tamén se atenden as urxencias de modo directo.

Máis información

xunta.es/igualdade (Ten un enlace na sección de Igualdade da páxina web do Concello)